

N. Basanta Llanes (2014): “Lingua e xénero na conversación” [Póster].  
*II Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de  
Compostela, 29-31 xaneiro 2014.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# Lingua e xénero na conversación

Noemi Basanta Llanes


Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

## Introdución

Tradicionalmente, a lingüística feita desde a perspectiva feminista defendeu a existencia de estilos comunicativos diferentes para homes e mulleres, interpretándoos en función das desigualdades sociais e xustificando as súas caracterizacións en termos de dominación patriarcal [1] ou socialización diverxente [2]. Non obstante, nos últimos anos, co auxe das propostas Queer [3] e o Posmodernismo, comezouse a considerar que as persoas non sempre se adecúan aos patróns conversacionais femininos ou masculinos senón que constrúen a súa identidade de xénero en cada momento e con diferentes finalidades a través da visibilización de determinados roles socialmente marcados que poden ou non corresponderse cos patróns que lles serían atribuídos en función do seu sexo biolóxico [4].

## Metodoloxía

Realizamos unha análise cuantitativa e cualitativa de dúas horas e media de conversación de tres grupos -dous homoxenéricos e un mixto- nos que participaron individuos pertencentes a tres matrimonios galegofalantes. Atendemos a dous aspectos diferentes: a organización temática e o uso do ton para mostrar apoio ou tomar a quenda de palabra.



Falante E non tiña ser[vicio ningún]


Falante D [¡por eso! | ¡que pa mas]ticar

Exemplo de interrupción. Ton elevado

## Resultados

En consonancia con outros traballos detectamos patróns de comportamento lingüístico diverxentes nas conversas homoxenéricas: o grupo masculino caracterízase por desenvolver os temas a través de experiencias persoais, achegando cada individuo a súa propia de maneira sucesiva. Fronte a isto, as mulleres céntranse unicamente na experiencia dunha delas para completala conxuntamente mediante narracións e opinións. No tocante á xestión das quendas, o grupo masculino amosa tendencia a evitar a fala simultánea e utiliza o silencio como sinal de cooperación. Pola contra, no grupo feminino prodúcese unha acentuada preferencia polo mantemento da fala simultánea [5], [6]. Así mesmo, o emprego do ton para a xestión dos solapamentos tamén é diferente porque os homes establecen distincións claras entre apoios -ton baixo- e interrupcións -ton elevado- mentres que as mulleres comparten a elevación tonal tanto para as interrupcións como para unha gran cantidade de apoios.

Non obstante, este traballo tamén mostra a relativización e dependencia contextual dos patróns de xénero porque os individuos aproximaron os usos a respecto da fala simultánea durante a conversa mixta na medida en que a cantidade de solapamentos é maior nos homes e os apoios son menores nas mulleres respecto ás conversas homoxenéricas. Así mesmo, tamén se producen desviacións a propósito dos roles temáticos que son atribuídos aos xéneros, tal e como acontece nas narracións íntimas dentro da conversa homoxenérica masculina.



## Referencias bibliográficas

- [1] Lakoff, Robin (1975): *Language and woman's place*. S.L: Harper and Row.
- [2] Tannen, Deborah (1996): *Género y discurso*. Barcelona: Paidós.
- [3] Butler, Judith (2010): *Gender trouble: feminism and the subversion of identity*. New York: Routledge.
- [4] Cameron, Deborah (1994): *Feminism and linguistic theory*. Basingstoke: Macmillan.
- [5] Coates, Jennifer (1991): *Women, men and language*. London: Longman.
- [6] Edelsky, Carole (1993): "Who's got the floor?", en *Gender and conversational interaction*. New York: Oxford University Press, pp. 189-227.